

Ensinanzas do ámbito cultural. Setembro de 2022

DOI: 10.17075/eac.2022

1. Introducción

O Consello da Cultura Galega analizou o estado das ensinanzas culturais en informes anteriores. Por unha banda, en 2014 e 2017 realizáronse dous traballos monográficos¹. Por outra banda, en *Diagnose da cultura galega*.

¹ As ensinanzas do ámbito cultural en Galicia (2014). <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=2467>

As ensinanzas do ámbito cultural en Galicia (2017). <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4283>

.....

Datos para unha estratexia cultural no século XXI, dedicáraselles un apartado a certos sectores transversais do ámbito cultural galego, entre os que se incluían as ensinanzas culturais.

As conclusións extraídas das dúas primeiras publicacións son certamente similares. No que respecta aos centros, os de titularidade pública son os que imparten de xeito maioritario este tipo disciplinas (67,1%) unha porcentaxe similar á de 2017. Coinciden tamén ambos os informes no predominio de alumnado feminino nas ensinanzas artísticas de réxime especial, algo que non sucede coa docencia, na que, pola contra, os homes ocupan o 58% das prazas. Tampouco se recolleron cambios significativos neste campo no momento de publicarse a diagnose da cultura galega en 2018. Os centros de titularidade pública seguían a ser os maioritarios. O conxunto do alumnado, maioritariamente feminino, mantíñase estable e, aínda que se observaba algunha variación segundo o tipo de ensinanzas, non se daban grandes aumentos nin descensos.

O obxecto deste informe é analizar a evolución das ensinanzas culturais en Galicia nos últimos dez anos en todas as etapas educativas e en todos os tipos de ensinanzas dispoñibles. Os indicadores fundamentais que recollerán as análises cobren principalmente datos de centros, alumnado e profesorado e as variables independentes máis utilizadas son a titularidade do centro e o sexo do alumnado e profesorado, cando existen estes datos. As series consideradas sitúanse ao redor dos dez cursos académicos, tamén segundo a dispoñibilidade e posibilidade comparativa das fontes, salvo no caso das ensinanzas universitarias, onde se optou por series algo menos extensas.

Os datos que se recollen neste informe proceden das seguintes fontes:

- Os datos das ensinanzas artísticas de réxime especial e de réxime xeral proceden da *Estadística de las Enseñanzas no universitarias*, que elabora a Subdirección General de Estadística y Estudios do Ministerio de Educación y Formación Profesional, en cooperación coas comunidades autónomas.
- Os resultados relativos ao ensino universitario obtivéronse do Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU), información estatística elaborada pola Secretaría General de Universidades do Ministerio de Universidades.

As dúas fontes de información citadas pertencen ao *Plan Estadístico Nacional*. Os resultados relativos ao curso 2021/2022 das ensinanzas de réxime especial e das ensinanzas universitarias teñen carácter provisional.

Na delimitación das ensinanzas do ámbito cultural consideradas na elaboración deste informe tívose en conta a totalidade das ensinanzas artísticas de réxime especial, a modalidade de Artes dentro do bacharelato e os ciclos de formación profesional no ámbito cultural, tal e como se definen na metodoloxía² da estatística de ensinanzas do ámbito cultural elaborada polo Ministerio de Cultura y Deporte. En canto ás ensinanzas universitarias, a selección adaptouse á clasificación de programas e titulacións recollida no mesmo documento normativo que serve de referencia.

Na metodoloxía da estatística de ensinanzas do ámbito cultural inclúense accións formativas e dos programas de escolas-obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego e formación e emprego da formación profesional para o emprego. Dado que na base de datos da estatística oficial non se proporcionan datos desagregados por comunidades autónomas, neste informe non se recollen, xa que é información que está incluída en varias fontes de datos procedentes de distintos organismos oficiais e, polo tanto, está moi dispersa.

A continuación, especifícanse todos os tipos de ensinanzas incluídas no presente traballo:

- **Ensinanzas de réxime xeral:**

- Bacharelato (modalidade de Artes).
- Formación profesional:
 - Ciclos de formación profesional básica. Inclúe artes gráficas.
 - Ciclos formativos de grao medio (CFGM):
 - Artes gráficas.
 - Comunicación, imaxe e son.
 - Ciclos formativos de grao superior (CFGS):
 - Artes gráficas.
 - Artes e artesanías.

² <https://www.culturaydeporte.gob.es/dam/jcr:17f55158-b522-4a61-9eef-a2540805995b/ensenanzas-del-ambito-cultural-metodologia.pdf>



- Comunicación, imaxe e son.
- Servizos socioculturais e á comunidade, que comprende Técnico Superior en Animación Sociocultural e Turística.

- **Ensinanzas artísticas de réxime especial:**

- Ensinanzas de artes plásticas e deseño:
 - Ciclos formativos de artes plásticas e deseño. Inclúe ciclos formativos de grao medio e de grao superior.
- Estudos superiores de artes plásticas e deseño. Inclúe artes plásticas, conservación e restauración, e deseño.
- Ensinanzas de música:
 - Ensinanzas regradas: elementais, profesionais e superiores.
 - Ensinanzas non regradas.
- Ensinanzas de danza:
 - Ensinanzas regradas: elementais, profesionais e superiores.
 - Ensinanzas non regradas.
- Ensinanzas de arte dramática. Inclúe estudos superiores.
- Máster en Ensinanzas Artísticas.

- **Ensinanzas universitarias:**

En cada nivel educativo (grao, máster e doutoramento) tivéronse en conta os seguintes estudos segundo a adaptación das ensinanzas universitarias á clasificación de programas e titulacións en sectores de estudo (CNED-F).

- Audiovisual, imaxe e multimedia
- Deseño
- Belas artes:
 - Belas artes
 - Historia da arte
- Conservación e restauración
- Música e artes do espectáculo:
 - Artes escénicas
 - Música
 - Outras artes
- Arqueoloxía
- Patrimonio histórico-artístico
- Tradución e interpretación
- Linguas e dialectos españois
- Literatura



- Lingüística
- Antropoloxía social e cultural
- Estudos e xestión da cultura
- Xornalismo e documentación:
 - Comunicación
 - Xornalismo
 - Información e documentación
 - Outras de xornalismo e documentación
- *Marketing* e publicidade:
 - *Marketing*
 - Publicidade e relacións públicas
- Desenvolvemento de videoxogos
- Enxeñaría de son e imaxe
- Arquitectura:
 - Arquitectura
 - Arquitectura técnica

Os contidos do informe organízanse en réximes e etapas educativas. Así, o seguinte apartado dá conta das ensinanzas de réxime xeral, nomeadamente bacharelato e formación profesional; o terceiro, de todas as ensinanzas especiais de tipo cultural organizadas en disciplinas: artes, música, danza etc. O penúltimo apartado recolle todas as ensinanzas universitarias relacionadas coas profesións culturais, tal e como as define a metodoloxía referida. Pechan o traballo unhas conclusións cos achados principais.

2. Ensinanzas de réxime xeral

A lexislación española establece para o sistema educativo do Estado unhas ensinanzas de réxime xeral que comprenden diversas etapas, dende a educación infantil ata a educación secundaria e de formación profesional. Neste apartado vanse analizar as ensinanzas de bacharelato de Artes e as de formación profesional que están relacionadas con contidos culturais.

2.1. Bacharelato de Artes

A continuación analízanse datos sobre centros e alumnado matriculado na modalidade de Artes en institutos de educación secundaria de Galicia e faise tamén unha referencia aos datos globais do Estado.

Cómpre ter en conta que ata o curso 2014/2015 incluído, a rama de Artes se subdivide en dúas modalidades: a de Artes Plásticas e Imaxe e a

de Artes Escénicas, Música e Danza. A partir do curso 2015/2016 só existe unha rama de Artes que inclúe as dúas modalidades anteriores.

En Galicia hai un total de 30 centros que imparten bacharelato de Artes, un 83,3% dos cales son públicos. Por provincias, cómpre salientar que case a metade dos centros se atopan na provincia de Pontevedra, mentres que as de Lugo e Ourense teñen catro cada unha.

Número de centros que imparten bacharelato de Artes por titularidade e provincia (curso 2020/2021)

Centros	
<i>Total</i>	
Galicia	30
A Coruña	8
Lugo	4
Ourense	4
Pontevedra	14
<i>Públicos</i>	
Galicia	25
A Coruña	7
Lugo	2
Ourense	4
Pontevedra	12
<i>Privados</i>	
Galicia	5
A Coruña	1
Lugo	2
Ourense	0
Pontevedra	2

Fonte: Estadística de las Enseñanzas no universitarias. Subdirección General de Estadística y Estudios do Ministerio de Educación y Formación Profesional

Se se fai unha análise comparativa da cifra de centros en que se imparte o bacharelato de Artes nas diferentes comunidades autónomas, pódese comprobar na seguinte táboa que Galicia ocupa o quinto lugar no conxunto de España en número de centros que integran esta rama de bacharelato na súa oferta educativa, o cal supón un 5,3% dos centros de todo o Estado.

Número de centros que imparten bacharelato na modalidade de Artes por titularidade do centro e comunidade autónoma (curso 2020/2021)

	Total	Públicos	Privados
Total España	560	421	139
Andalucía	83	74	9
Aragón	14	13	1
P. Asturias	10	8	2
I. Baleares	17	15	2
Canarias	21	16	5
Cantabria	5	5	0
Castela e León	14	13	1
Castela-A Mancha	19	17	2
Cataluña	140	88	52
C. Valenciana	62	56	6
Extremadura	5	5	0
Galicia	30	25	5
Madrid	81	33	48
R. Murcia	26	25	1
C. F. Navarra	5	5	0
País Vasco	22	18	4
A Rioxa	4	3	1
Ceuta	1	1	0
Melilla	1	1	0

Fonte: Estadística de las Enseñanzas no universitarias. Subdirección General de Estadística y Estudios do Ministerio de Educación y Formación Profesional

A seguinte táboa achega datos sobre a evolución da cifra de alumnado matriculado na última década, tanto en Galicia como no conxunto de España. Pódese observar que a evolución do número de alumnado matriculado na especialidade de Artes vai en aumento ao longo deste período. De feito, os datos do último curso dispoñibles revelan a cifra máis elevada de alumnado matriculado nesta rama en toda a década, tanto en Galicia como no conxunto de España.

Alumnado matriculado nas ramas de Artes

	Galicia	España
2010/2011	1.322	29.150
2011/2012	1.392	30.663
2012/2013	1.399	31.597
2013/2014	1.351	33.137
2014/2015	1.421	33.137
2015/2016	1.630	34.825
2016/2017	1.585	34.196
2017/2018	1.570	34.186



2018/2019	1.672	36.255
2019/2020	1.641	37.745
2020/2021	1.761	39.294

Fonte: Estadística de las Enseñanzas no universitarias. Subdirección General de Estadística y Estudios do Ministerio de Educación y Formación Profesional

2.2. Formación profesional: ciclos formativos e cursos de especialización

A formación profesional é un conxunto de accións formativas que capacitan para o exercicio dunha profesión, preparan para o acceso ao emprego e facilitan a adaptación ás modificacións laborais. Os estudos de formación profesional están en proceso de actualización como consecuencia da implantación da Lei 8/2013, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), pola que se crean os novos ciclos de formación profesional básica, que substitúen os programas de cualificación profesional inicial.

Neste sentido, varias leis orgánicas estatais que regulan as ensinanza de formación profesional permítenlles ás comunidades autónomas crear cursos de especialización para complementar as competencias de quen xa dispoña dun título de formación profesional. Estes cursos de especialización teñen como obxecto completar e afondar na mellora das competencias e das cualificacións profesionais, promovendo a formación permanente, organizándose en ciclos formativos, en cursos para unha maior especialización ou formación específica para determinados colectivos, co fin de que as persoas avancen no seu itinerario de formación profesional independentemente da súa situación en cada momento³.

Entre os ciclos de formación profesional relacionados coas profesións culturais que se imparten en Galicia atópanse os seguintes, segundo os diferentes graos establecidos:

³ - Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.
 - Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, na súa redacción modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro.
 - Real decreto 1147/2011, do 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo.
 - Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da formación profesional.



- a) Grao básico de Artes Gráficas, que ten como obxectivo aprender a realizar traballos de reprografía e operacións básicas de apoio á produción, a manipulación e a finalización de produtos gráficos.

- b) Ciclos formativos de grao medio. En Galicia impártense ensinanzas de formación profesional de grao medio en dúas familias profesionais relacionadas coas actividades culturais:
 - *Artes gráficas*. Dentro desta familia profesional inclúense dous ciclos formativos:
 - Impresión Gráfica, que ten como obxectivo aprender a realizar as actividades de axustes mecánicos, entoación e rexistro da imaxe, para a produción de impresos por sistemas convencionais (offset, flexografía e serigrafía) ou por medios dixitais, controlando e mantendo as máquinas e os equipamentos auxiliares, para obter a produción coa calidade e nos tempos establecidos, cumprindo as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental.
 - Preimpresión Dixital, para realizar operacións de ensamblaxe para publicacións electrónicas, tratamento e compaxinación de textos e imaxes, imposición de páxinas, obtención dixital das formas impresoras e impresión con procedementos dixitais, asegurando a calidade e cumprindo a normativa de seguridade e protección ambiental.

 - *Imaxe e son*. Dentro desta familia profesional impártese o ciclo formativo de Vídeo, Disc-jockey e Son. A competencia xeral que se aprende con este título é a de realizar sesións de animación musical e visual en vivo e efectuar a captación, a mestura directa, a gravación e a reprodución de son en calquera tipo de proxectos sonoros.

- c) Ciclos formativos de grao superior. En Galicia impártense ensinanzas de formación profesional de grao superior en tres familias profesionais relacionadas coa cultura:
 - *Artes gráficas*. Dentro desta familia profesional impártense dous ciclos formativos, cos seguintes obxectivos:



- Deseño e Edición de Publicacións Impresas e Multimedia, que ten como finalidade ensinar a deseñar produtos gráficos, envases e embalaxes, editar publicacións impresas e electrónicas, xestionar e controlar a produción editorial, realizando a publicación e o servizo de atención á clientela, aplicando os protocolos de calidade, seguridade e prevención de riscos laborais e asegurando a súa funcionalidade e o respecto polo ambiente.
 - Deseño e Xestión da Produción Gráfica. O obxectivo fundamental deste ciclo formativo é deseñar e desenvolver proxectos gráficos, elaborar orzamentos, xestionar e supervisar a produción e controlar o almacén de materiais e a expedición do produto á clientela.
- *Imaxe e son.* Dentro desta familia profesional impártense cinco ciclos formativos:
- Animacións 3D, Xogos e Contornos Interactivos. O obxectivo deste ciclo formativo é xerar animacións 2D e 3D para producións audiovisuais e desenvolver produtos audiovisuais multimedia interactivos, integrando os elementos e as fontes que interveñen na súa creación, tendo en conta as súas relacións, as dependencias e os criterios de interactividade, a partir de parámetros previamente definidos.
 - Iluminación, Captación e Tratamento de Imaxe, cuxa finalidade consiste en aprender a realizar proxectos fotográficos completos, captar, rexistrar e tratar imaxes en producións audiovisuais e iluminar espazos escénicos en audiovisuais, espectáculos e eventos, determinando e controlando a calidade técnica, formal e expresiva.
 - Produción de Audiovisuais e Espectáculos, co principal obxectivo de capacitar o alumnado para planificar, organizar, supervisar e xestionar os recursos económicos, materiais, técnicos e humanos para a produción de audiovisuais, espectáculos e eventos, asegurando o cumprimento dos plans ou obxectivos da produción, no tempo e nas condicións de custo e calidade establecidas.



- Realización de Proxectos de Audiovisuais e Espectáculos. O obxectivo fundamental deste ciclo formativo é organizar e supervisar a preparación, a realización e a montaxe de proxectos audiovisuais filmados, gravados ou en directo, así como rexer os procesos técnicos e artísticos de representacións de espectáculos en vivo e eventos, coordinando os medios técnicos e humanos e controlando o contido, a forma, o proxecto artístico e a calidade establecida.
 - Son para Audiovisuais e Espectáculos. Pretende formar profesionais que estean capacitados para definir, planificar e supervisar a instalación, a captación, a gravación, o control, a emisión, a posproducción e a reprodución do son en audiovisuais, radio, industria discográfica, espectáculos, eventos e instalacións fixas de sonorización, controlando e asegurando a calidade técnica e formal.
- *Servizos socioculturais e á comunidade.* Comprende o ciclo formativo de Técnico Superior en Animación Sociocultural e Turística, cuxo obxectivo fundamental é o de programar, organizar, pór en práctica e avaliar intervencións de animación sociocultural e turística, promovendo a participación activa das persoas e dos grupos destinatarios e coordinando as actuacións de profesionais e persoal voluntario ao seu cargo.

Por outra banda, entre os cursos de especialización de FP de contido cultural que se imparten en Galicia, atópanse:

- a) Dentro da familia profesional de *imaxe e son*, o Curso de Especialización en Audiodescrición e Subtitulación, cuxo obxectivo competencial consiste en aprender a planificar, avaliar e realizar proxectos de audiodescrición e subtitulación de obras audiovisuais, espectáculos en vivo e eventos, así como elaborar guións de audiodescrición e subtítulos, controlando os procesos e respectando o contido da mensaxe, a forma e a calidade, todo iso consonte a normativa vixente.
- b) Dentro da familia profesional de *informática e comunicacións*, o Curso de Especialización en Desenvolvemento de Videoxogos e Realidade Virtual, cuxo obxectivo competencial consiste en aprender a deseñar e desenvolver videoxogos para diferentes dispositivos e plataformas, garantindo a

experiencia do usuario, utilizando ferramentas de última xeración que permitan actuar en todas as fases do seu desenvolvemento, así como aplicacións interactivas de realidade virtual e aumentada.

Na seguinte táboa especificanse os datos do número de centros que impartiron os ciclos formativos mencionados anteriormente en Galicia e no conxunto de España no curso 2020/2021.

Número de centros que impartiron os ciclos formativos relacionados coas ensinanzas culturais. Curso 2020/2021

	España			Galicia		
	Total	Centros públicos	Centros privados	Total	Centros públicos	Centros privados
TOTAL CENTROS FP	3.871	2.578	1.293	239	173	66
FP BÁSICA	2.079	1.693	386	142	121	21
<i>Artes gráficas</i>	27	23	4	4	4	0
GRAO MEDIO	2.935	2.032	903	191	143	48
<i>Artes gráficas</i>	80	61	19	10	8	2
Impresión Gráfica	28	22	6	5	4	1
Postimpresión e Acabados Gráficos	2	1	1	0	0	0
Preimpresión Dixital	50	38	12	5	4	1
<i>Imaxe e son</i>	72	40	32	6	5	1
Vídeo, Disc-jockey e Son	72	40	32	6	5	1
GRAO SUPERIOR	2.641	1.737	904	172	130	42
<i>Artes gráficas</i>	48	39	9	3	3	0
Deseño e Edición de Publicacións Impresas e Multimedia	34	26	8	1	1	0
Deseño e Xestión da Produción Gráfica	14	13	1	2	2	0
<i>Imaxe e son</i>	296	147	149	18	10	8
Animacións 3D, Xogos e Contornos Interactivos	80	22	58	2	1	1
Iluminación, Captación e Tratamento de Imaxe	55	41	14	3	2	1
Produción de Audiovisuais e Espectáculos	38	24	14	6	3	3
Realización de Proxectos de Audiovisuais e Espectáculos	71	34	37	4	2	2
Son para Audiovisuais e Espectáculos	51	26	25	3	2	1
<i>Servizos socioculturais e á comunidade</i>	848	511	337	40	19	21
Animación Sociocultural e Turística	85	76	9	4	4	0
CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN	134	128	6	7	7	0
<i>Imaxe e son</i>	11	11	0	1	1	0



Audiodescripción e Subtitulación	11	11	0	1	1	0
<i>Informática e comunicacións</i>	123	117	6	6	6	0
Desenvolvemento de Videoxogos e Realidade Virtual	35	34	1	6	6	0

Fonte: Estadística de las Enseñanzas no universitarias. Formación Profesional. Subdirección General de Estadística y Estudios do Ministerio de Educación y Formación Profesional

Así, en Galicia hai 239 centros que impartiron ensinanzas de formación profesional relacionadas coas profesións culturais, que representan un 6,2% de centros no conxunto do Estado. Destes 239 centros en Galicia, un 72,4% é de titularidade pública. Por niveis educativos, tanto en Galicia como no conxunto do Estado, os centros que ensinan ciclos formativos de grao superior no ámbito cultural son os máis numerosos. No caso da familia profesional de artes gráficas, todos os centros son de titularidade pública, así como os centros que ofrecen o ciclo de Animación Sociocultural e Turística, dentro da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade. No caso da familia profesional de imaxe e son o 55,5% son públicos.

Con respecto ao alumnado matriculado no grao básico de formación profesional, durante o curso 2020/2021 matriculáronse en Galicia 87 persoas no ciclo de Artes Gráficas, un 17,9% menos que no curso anterior, a maior variación interanual da serie temporal analizada. Pode observarse na seguinte táboa que o número de alumnas e alumnos foi aumentando progresivamente dende o curso 2014/2015, coa excepción do 2018/2019, no que se experimentou un descenso dun 14,4%.

Evolución do alumnado matriculado en ciclos formativos de grao básico de artes gráficas

	Total
2012/2013	-
2013/2014	-
2014/2015	59
2015/2016	87
2016/2017	99
2017/2018	111
2018/2019	95



2019/2020	106
2020/2021	87

Fonte: Estadística de las Enseñanzas no universitarias. Subdirección General de Estadística y Estudios do Ministerio de Educación y Formación Profesional

No grao medio, dentro da familia profesional de artes gráficas, no curso 2020/2021 matriculáronse 419 persoas en Galicia, o que supón un incremento dun 6,9% no período analizado. Un 55,6% do total do alumnado elixiu o ciclo de Preimpresión en Artes Gráficas (233), que experimentou un pequeno descenso nos dous últimos cursos. Salvo esta excepción, a evolución total do número de matrículas tivo un comportamento positivo regular e constante.

Evolución do alumnado matriculado en ciclos formativos de grao medio de artes gráficas

	Total	Impresión en Artes Gráficas ⁴	Preimpresión en Artes Gráficas
2012/2013	392	177	215
2013/2014	342	176	166
2014/2015	354	161	193
2015/2016	359	147	212
2016/2017	372	160	212
2017/2018	398	155	243
2018/2019	413	167	246
2019/2020	407	185	222
2020/2021	419	186	233

Fonte: Estadística de las Enseñanzas no universitarias. Subdirección General de Estadística y Estudios do Ministerio de Educación y Formación Profesional

No que se refire á familia profesional de imaxe e son, a maior parte do alumnado matriculado neste ciclo de grao medio elixiu a especialidade de Vídeo, Disc-jockey e Son. De feito, só se efectuaron matrículas en Laboratorio de Imaxe nos cursos 2012/2013 e 2015/2016, ciclo que xa non contou con matrículas nos últimos cinco cursos da serie temporal analizada. O crecemento dos alumnos e alumnas na primeira especialidade mencionada foi progresivo a partir do curso 2014/2015 ata o 2018/2019, no que se acadou o máximo número de matrículas cun total de 290. Nos dous últimos cursos da serie analizada perdéronse 38 alumnos e alumnas, 32 deles no 2020/2021, como se mostra a continuación.

⁴ Plan LOGSE: Ley Orgánica de Ordenación General del Sistema Educativo (aplicada dende outubro de 1990 ata maio de 2006), e Plan LOE: Ley Orgánica de Educación (vixente dende maio de 2006).

Evolución do alumnado matriculado en ciclos formativos de grao medio de imaxe e son

	Total	Vídeo, Disc-jockey e Son ⁵	Laboratorio de Imaxe ⁶
2012/2013	202	-	202
2013/2014	-	-	-
2014/2015	52	52	-
2015/2016	225	155	70
2016/2017	229	229	0
2017/2018	274	274	0
2018/2019	290	290	0
2019/2020	284	284	0
2020/2021	252	252	0

Fonte: Estadística de las Enseñanzas no universitarias. Subdirección General de Estadística y Estudios do Ministerio de Educación y Formación Profesional

No que respecta aos ciclos formativos de grao superior, a partir do curso 2015/2016, incorpóranse ao grao superior de artes gráficas o ciclo de Deseño e Edición de Publicacións Impresas e Multimedia e o de Deseño e Xestión da Producción Gráfica introducidos pola LOE, que comezan a aglutinar o maior número de matrículas deste eido, aínda que durante ese curso conviven cos correspondentes ao plan LOGSE Deseño e Producción Editorial e Producción en Industrias de Artes Gráficas, que desaparecerán en 2016/2017. No último curso estudado, ao contrario do que sucedía nos graos básico e medio, o número de persoas matriculadas aumentou ata 110, é dicir, 25 máis que no curso anterior. Trátase do número máis alto de toda a serie. Desta cifra total, 65 decantáronse por Deseño e Xestión da Producción Gráfica.

Evolución do alumnado matriculado en ciclos formativos de grao superior de artes gráficas

	Total	Deseño e Producción Editorial ⁵	Producción en Industrias de Artes Gráficas ⁵	Deseño e Edición de Publicacións Impresas e Multimedia ⁴	Deseño e Xestión da Producción Gráfica ⁴
2012/2013	88	45	43	-	-
2013/2014	85	46	39	-	-
2014/2015	72	42	30	-	-
2015/2016	81	20	18	22	21
2016/2017	76	0	0	38	38
2017/2018	86	0	0	41	45

⁵ Plan LOE.

⁶ Plan LOGSE.

2018/2019	77	0	0	38	39
2019/2020	85	0	0	41	44
2020/2021	110	0	0	45	65

Fonte: Estadística de las Enseñanzas no universitarias. Subdirección General de Estadística y Estudios do Ministerio de Educación y Formación Profesional

A familia profesional de imaxe e son é a que máis ciclos formativos ofrece ao alumnado. No curso 2020/2021 rexistráronse 1.267 matrículas na comunidade galega, un 51,4% máis que ao principio da serie analizada. O maior aumento deuse no ciclo de Son para Audiovisuais e Espectáculos, incorporado ao sistema educativo pola LOE no curso 2013/2014, con 126 alumnos e alumnas ata chegar a 299 en 2020/2021. Tamén é importante o crecemento do alumnado en Iluminación, Captación e Tratamento da Imaxe, con 191 matrículas, en contraste coas 66 rexistradas no primeiro curso da serie, e en Produción de Audiovisuais, Radio e Espectáculos, con 398 matrículas (103 máis que en 2012/2013). Os dous ciclos introducidos pola LOGSE, o de Imaxe e o de Son, desaparecen no curso 2014/2015, como se pode apreciar na seguinte táboa.

Evolución do alumnado matriculado en ciclos formativos de grao superior de imaxe e son

	Total	Imaxe ⁷	Produción de Audiovisuais, Radio e Espectáculos ⁸	Realización de Audiovisuais e Espectáculos	Son ⁹	Animación 3D, Xogos e Contornos Interactivos	Iluminación, Captación e Tratamento da Imaxe	Son para Audiovisuais e Espectáculos ¹⁰
2012/2013	837	71	295	183	161	61	66	-
2013/2014	727	5	259	134	7	90	106	126
2014/2015	852	0	289	187	0	111	120	145
2015/2016	1.127	0	97	232	0	119	139	266
2016/2017	1.147	0	383	230	0	129	144	256
2017/2018	1.195	-	395	233	-	128	177	262
2018/2019	1.195	-	385	242	-	122	175	271
2019/2020	1.198	-	378	217	-	139	181	283
2020/2021	1.267	-	398	243	-	136	191	299

Fonte: Estadística de las Enseñanzas no universitarias. Subdirección General de Estadística y Estudios do Ministerio de Educación y Formación Profesional

⁷ Plan LOGSE.

⁸ Plans LOGSE e LOE.

⁹ Plan LOGSE.

¹⁰ Plan LOE.

Dentro da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade, o ciclo superior de Animación Sociocultural está vinculado ás ensinanzas de ámbito cultural, cuxo número de matriculacións presenta unha evolución bastante regular ao longo da serie temporal. Como se pode observar a continuación na táboa, o curso 2020/2021 contou con 200 alumnos e alumnas, un 6,2% do total das matrículas deste grao superior en Galicia.

Evolución do alumnado matriculado en ciclos superiores de servizos socioculturais e á comunidade

	Total	Animación Sociocultural
2012/2013	2.111	189
2013/2014	2.094	219
2014/2015	2.154	203
2015/2016	2.083	174
2016/2017	2.158	178
2017/2018	2.691	172
2018/2019	2.762	164
2019/2020	2.930	185
2020/2021	3.239	200

Fonte: Estadística de las Enseñanzas no universitarias. Subdirección General de Estadística y Estudios do Ministerio de Educación y Formación Profesional

3. Ensinanzas artísticas de réxime especial

Este apartado aborda información relativa ao ensino relacionado coas profesións culturais segundo a metodoloxía descrita na introdución. Este conxunto de ensinanzas do sistema educativo ten como finalidade proporcionar formación artística de calidade e garantir a cualificación de futuros profesionais en especialidades como música, danza, arte dramática, artes plásticas e deseño, así como conservación e restauración de bens culturais. Estrutúrase do seguinte xeito:

Ensinanzas das artes plásticas e de deseño:

- Ciclos formativos de artes plásticas e deseño. Grao medio
- Ciclos formativos de artes plásticas e deseño. Grao superior
- Estudos superiores de artes plásticas
- Estudos superiores de conservación e restauración de bens culturais
- Estudos superiores de deseño

Ensinanzas de música:

- Ensinanzas elementais



- Ensinanzas profesionais
- Estudos superiores
- Ensinanzas non regradas

Ensinanzas de danza:

- Ensinanzas elementais
- Ensinanzas profesionais
- Estudos superiores
- Ensinanzas non regradas

Ensinanzas de arte dramática

Máster de Ensinanzas Artísticas

A sección vertébrase en tres bloques: alumnado, centros e profesorado. Cada bloque abrangue as diferentes especialidades englobadas neste tipo de ensinanzas, así como os diferentes niveis de estudo.

3.1. Alumnado

O número de alumnas e alumnos matriculados en ensinanzas de réxime especial¹¹ descendeu en Galicia un 10,1% entre os cursos 2010/2011 e 2021/2022, decrecemento que se constata tamén no conxunto estatal nun índice porcentual superior (14,6%). Esta baixada foi máis acentuada nas mulleres que nos homes, sobre todo na comunidade galega, na que o descenso de matrículas nas alumnas é practicamente catro veces superior ao dos alumnos (13,4% e 3,7% respectivamente), mentres que a diferenza de matrículas entre ambos os sexos é máis leve no total de España (11,1% os homes fronte ao 16,8% as mulleres). Hai que ter en conta que, en xeral, a baixada de matrículas entre os cursos 2019/2020 e 2020/2021 constitúe o maior descenso interanual de toda a serie temporal analizada, polo que se infire a súa vinculación coa pandemia da COVID-19. Porén, no curso 2021/2022, á falta de datos definitivos, pode constatarase que as cifras se volveron recuperar, aínda que acadaron resultados inferiores aos que había no curso 2018/2019, xusto o anterior á pandemia.

¹¹ Na interpretación dos resultados do ano 2020 cómpre ter en conta que o momento de referencia coincidía coa crise da COVID-19, o que puido afectar as cifras do alumnado matriculado en ensinanzas artísticas de réxime especial no curso académico 2020/2021. Nesta táboa, ademais das ensinanzas artísticas, inclúense datos de alumnado de escolas de idiomas e de ensinanzas deportivas.

Evolución do alumnado matriculado en ensinanzas de réxime especial segundo o sexo

	España			Galicia		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
2010/2011	824.921	314.963	509.958	52.916	19.909	33.007
2011/2012	852.284	323.302	528.982	55.912	20.634	35.278
2012/2013	876.994	331.055	545.939	57.915	21.352	36.563
2013/2014	896.496	340.879	555.617	60.714	22.831	37.883
2014/2015	890.198	337.314	552.884	58.024	21.910	36.114
2015/2016	858.824	327.220	531.604	55.975	21.432	34.543
2016/2017	827.378	317.612	509.766	53.734	20.261	33.473
2017/2018	806.511	311.433	495.078	51.444	19.815	31.629
2018/2019	793.996	307.708	486.288	54.080	20.772	33.308
2019/2020	786.448	309.122	477.326	53.425	20.857	32.568
2020/2021	694.770	275.918	418.852	45.371	18.114	27.257
2021/2022	704.232	280.068	424.164	47.592	19.178	28.414

Fonte: Estadística de las Enseñanzas no universitarias. Subdirección General de Estadística y Estudios do Ministerio de Educación y Formación Profesional

A continuación vanse analizar os datos das cifras de alumnado matriculado desagregados polas distintas disciplinas das ensinanzas artísticas de réxime especial.

As matrículas en ciclos formativos de grao medio de Artes Plásticas experimentaron ao longo da serie estudada un decrecemento dun 45,7% en Galicia. Esta forte baixada principiou no curso 2016/2017, no que se pasou de 83 alumnos e alumnas a 47, o maior descenso interanual de todo o período, descenso que continuou ata 2019/2020. No curso 2021/2022 recuperouse a cifra do alumnado nun 22% con respecto ao curso anterior. No conxunto do Estado, a redución de matriculacións foi só dun 2,1% nos dez cursos analizados. Con todo, esta diminución afectou exclusivamente os centros públicos, cun aumento do alumnado nos centros de titularidade privada. Como se pode comprobar na seguinte táboa, o 91,6% do alumnado en España matriculouse en centros públicos, mentres que en Galicia o fixo o 52%.

Evolución do alumnado matriculado en CFGM de Artes Plásticas segundo a titularidade do centro

	España			Galicia		
	Total	Centros públicos	Centros privados	Total	Centros públicos	Centros privados
2012/2013	3.494	3.377	117	92	74	18
2013/2014	3.509	3.408	101	82	72	10
2014/2015	3.553	3.437	116	91	83	8
2015/2016	3.633	3.454	179	83	72	11

2016/2017	3.344	3.067	277	47	39	8
2017/2018	3.284	2.974	310	25	20	5
2018/2019	3.458	3.154	304	23	11	12
2019/2020	3.396	3.128	268	37	22	15
2020/2021	3.328	3.061	267	41	20	21
2021/2022	3.422	3.133	290	50	26	24

Fonte: Estadística de las Enseñanzas no universitarias. Subdirección General de Estadística y Estudios do Ministerio de Educación y Formación Profesional

Máis do 64% do alumnado matriculado en Galicia en CFGM de Artes Plásticas, ao principio da serie analizada, eran homes. Esta maioría de alumnos foi constante ata o curso 2016/2017, a partir do cal se empezaron a matricular máis mulleres que homes e chegaron a constituír no curso 2021/2022 o 74% do total do alumnado. Esta situación é similar á do conxunto estatal, xa que no curso 2012/2013 un 53,2% das matrículas correspondían aos homes; a viraxe no total de España produciuse no curso 2017/2018. No último curso do período, o 55,5% do alumnado son mulleres, como se mostra a continuación.

Evolución do alumnado matriculado en CFGM de Artes Plásticas segundo o sexo

	España			Galicia		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
2012/2013	3.494	1.860	1.634	92	59	33
2013/2014	3.509	1.902	1.607	82	52	30
2014/2015	3.553	1.889	1.664	91	51	40
2015/2016	3.633	1.901	1.732	83	41	42
2016/2017	3.344	1.683	1.661	47	15	32
2017/2018	3.284	1.631	1.653	25	13	12
2018/2019	3.458	1.651	1.807	23	12	11
2019/2020	3.396	1.571	1.825	37	14	23
2020/2021	3.328	1.482	1.846	41	15	26
2021/2022	3.422	1.452	1.970	50	13	37

Fonte: Estadística de las Enseñanzas no universitarias. Subdirección General de Estadística y Estudios do Ministerio de Educación y Formación Profesional

No curso 2021/2022 matriculáronse en Galicia 676 persoas en ciclos formativos de grao superior de Artes Plásticas, o 82,2% destas en centros públicos. O mesmo sucede no conxunto estatal, no que, sobre un total de 14.905 matriculacións, un 92,9% foron realizadas en centros de titularidade pública.

Evolución do alumnado matriculado en CFGS de Artes Plásticas segundo a titularidade do centro

	España			Galicia		
	Total	Centros públicos	Centros privados	Total	Centros públicos	Centros privados
2012/2013	15.883	15.102	781	637	541	96
2013/2014	15.842	15.117	725	663	567	96
2014/2015	15.116	14.390	726	613	522	91
2015/2016	13.860	13.207	653	574	485	89
2016/2017	13.751	12.889	862	624	532	92
2017/2018	14.295	13.368	927	664	566	98
2018/2019	14.467	13.425	1.042	658	546	112
2019/2020	14.225	13.417	808	683	571	112
2020/2021	14.717	13.715	1.002	788	681	107
2021/2022	14.905	13.854	1.051	676	556	120

Fonte: Estadística de las Enseñanzas no universitarias. Subdirección General de Estadística y Estudios do Ministerio de Educación y Formación Profesional

Un 68,2% das matrículas nestes ciclos correspóndelle ás mulleres, unha proporción que se mantén en toda a serie temporal na comunidade galega e no total de España, cuxo índice de alumnas no último curso foi do 66,3%, como mostra a seguinte táboa de evolución.

Evolución do alumnado matriculado en CFGS de Artes Plásticas segundo o sexo

	España			Galicia		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
2012/2013	15.883	6.215	9.668	637	251	386
2013/2014	15.842	6.101	9.741	663	238	425
2014/2015	15.116	5.810	9.306	613	218	395
2015/2016	13.860	5.298	8.562	574	203	371
2016/2017	13.751	5.243	8.508	624	232	392
2017/2018	14.295	5.406	8.889	664	219	445
2018/2019	14.467	5.385	9.082	658	214	444
2019/2020	14.225	5.107	9.118	683	240	443
2020/2021	14.717	5.146	9.571	788	274	514
2021/2022	14.905	5.024	9.881	676	222	454

Fonte: Estadística de las Enseñanzas no universitarias. Subdirección General de Estadística y Estudios do Ministerio de Educación y Formación Profesional

No curso 2021/2022 matriculáronse en Galicia 763 alumnos e alumnas en estudos superiores de artes plásticas e deseño en Galicia, 51 máis que no curso anterior. A suba correspondeu aos centros públicos, que experimentaron un ascenso de 80 alumnos e alumnas en toda a serie temporal, mentres que os centros privados perderon 23 estudantes e non houbo ningunha matrícula no último curso. O descenso de matriculacións nos centros

de titularidade privada é irregular ao longo do período analizado: mentres que no curso 2010/2011 había 23 alumnos matriculados, en 2012/2013 non se realizou ningunha matrícula e en 2014/2015 contabilizáronse 17. A partir deste curso, as matriculacións oscilan entre 9 alumnos e 0. No conxunto de España, o total do alumnado foi de 11.157, cun incremento de 4.620 alumnos e alumnas, dos cales 2.507 o fixeron en centros públicos e 2.113 en privados.

Evolución do alumnado matriculado en estudos superiores de artes plásticas e deseño segundo a titularidade do centro

	España			Galicia		
	Total	Centros públicos	Centros privados	Total	Centros públicos	Centros privados
2010/2011	6.537	5.886	651	706	683	23
2011/2012	6.936	5.644	1.292	570	566	4
2012/2013	8.268	6.810	1.458	622	622	0
2013/2014	9.825	7.855	1.970	765	756	9
2014/2015	10.417	8.375	2.042	770	753	17
2015/2016	10.667	8.746	1.921	731	731	0
2016/2017	10.993	8.951	2.042	682	682	0
2017/2018	11.506	9.139	2.367	723	714	9
2018/2019	11.897	9.113	2.784	723	719	4
2019/2020	11.768	8.825	2.943	764	760	4
2020/2021	11.383	8.475	2.908	712	712	0
2021/2022	11.157	8.393	2.764	763	763	0

Fonte: Estadística de las Enseñanzas no universitarias. Subdirección General de Estadística y Estudios do Ministerio de Educación y Formación Profesional

Un 73,3% do alumnado matriculado en estudos superiores de artes plásticas e deseño nos centros galegos son mulleres, que tamén son maioría no conxunto estatal, un 72%. O predominio das mulleres nesta disciplina é constante en todo o período, como se mostra na seguinte táboa de evolución.

Evolución do alumnado matriculado en estudos superiores de artes plásticas e deseño segundo o sexo

	España			Galicia		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
2010/2011	6.537	2.207	4.330	706	218	488
2011/2012	6.936	2.385	4.551	570	175	395
2012/2013	8.268	2.897	5.371	622	207	415
2013/2014	9.825	3.478	6.347	765	233	532
2014/2015	10.417	3.590	6.827	770	219	551
2015/2016	10.667	3.620	7.047	731	203	528
2016/2017	10.993	3.880	7.113	682	181	501

2017/2018	11.506	3.969	7.537	723	209	514
2018/2019	11.897	3.858	8.039	723	196	527
2019/2020	11.768	3.772	7.996	764	195	569
2020/2021	11.383	3.310	8.073	712	187	525
2021/2022	11.157	3.126	8.031	763	204	559

Fonte: Estadística de las Enseñanzas no universitarias. Subdirección General de Estadística y Estudios do Ministerio de Educación y Formación Profesional

Un 18,2% das persoas matriculadas no total de España en centros públicos de estudos de conservación e restauración correspóndenlle á comunidade galega. Galicia contou durante o curso 2021/2022 con 102 persoas matriculadas nesta disciplina (2 máis que no curso anterior), mentres que o volume de alumnado no conxunto estatal foi de 559 persoas (62 menos que no 2020/2021), todas elas inscritas en centros de titularidade pública. Só cinco comunidades dispoñen de alumnos e alumnas que cursan este tipo de estudos: Castela e León (27,4%), Madrid (29,5%), Cataluña (23,4%), Galicia (18,2%) e Asturias (1,4%).

Evolución do alumnado matriculado en estudos de conservación e restauración segundo a titularidade do centro

	España			Galicia		
	Total	Centros públicos	Centros privados	Total	Centros públicos	Centros privados
2012/2013	593	593	0	49	49	0
2013/2014	743	743	0	100	100	0
2014/2015	733	733	0	77	77	0
2015/2016	676	676	0	86	86	0
2016/2017	671	665	6	78	78	0
2017/2018	660	655	5	81	81	0
2018/2019	637	633	4	88	88	0
2019/2020	639	635	4	85	85	0
2020/2021	621	621	0	100	100	0
2021/2022	559	559	0	102	102	0

Fonte: Estadística de las Enseñanzas no universitarias. Subdirección General de Estadística y Estudios do Ministerio de Educación y Formación Profesional

O predominio das mulleres nos estudos de conservación é unha constante ao longo do período analizado tanto en Galicia como no total de España. No curso 2020/2021, un 82,3% das matriculacións galegas correspondían a mulleres, mentres que no conxunto estatal acadaban o 79,8%, como se pode ver na seguinte táboa de evolución.

Evolución do alumnado matriculado en estudos de conservación e restauración segundo o sexo

	España		Galicia	
	Total	Mulleres (%)	Total	Mulleres (%)
2012/2013	593	83,6	49	77,6
2013/2014	743	82,0	100	78,0
2014/2015	733	80,4	77	76,6
2015/2016	676	81,1	86	75,6
2016/2017	671	80,9	78	73,1
2017/2018	660	81,7	81	71,6
2018/2019	637	82,3	88	75,0
2019/2020	639	81,7	85	69,4
As universidades, ademais de impartir estudos conducentes a títulos oficiais, tamén ofrecen títulos e diplomas propios e posgraos de formación especializada dirixidos á actualización profesional. Na seguinte táboa especificase a oferta actualizada de títulos propios das tres universidades galegas relacionados coas profesións culturais.

Titulacións propias das universidades galegas relacionadas coas profesións culturais por tipo de titulación e rama de coñecemento

USC	Titulacións propias	Artes e humanidades	Curso Avanzado de Especialización Orquestral
	Máster	Ciencias sociais e xurídicas	Máster en Xornalismo de Investigación, Datos e Visualización
	Cursos de formación continua	Artes e humanidades	- Escritura Creativa - Fundamentos da Dirección Escénica - Fundamentos da Interpretación Teatral - Curso de Experto Universitario en Xestión e Innovación Cultural
UDC	Máster	Ciencias sociais e xurídicas	Máster en Comunicación Deportiva
		Enxeñaría e arquitectura	Máster en Deseño Arquitectónico
UVigo	Cursos de especialización	Artes e humanidades	- Tradución para a Industria do Videoxogo - Didáctica da Ficción e Creación Literaria - Experto en Interpretación Simultánea de Voz a Texto

Fonte: Elaboración propia a partir de información subministrada directamente polas universidades galegas

4.2. Alumnado

No que respecta ao ámbito universitario, o alumnado matriculado na rama de artes e humanidades¹⁵ nas universidades galegas foi aumentando todos os cursos nas titulacións de grao universitario e foi diminuindo considerablemente nas titulacións de primeiro e segundo ciclo por mor do Plan Bolloña. O número de estudiantado matriculado en titulacións de máster foi aumentando progresivamente ata o curso 2014/2015 e a partir dese curso a cifra foise mantendo máis ou menos estable arredor dos 560 alumnos e alumnas, aínda que experimentou un descenso dun 1,5% no último curso desta serie histórica. No curso 2021/2022 a cifra total de alumnado matriculado en titulacións da rama de artes e humanidades en Galicia supuxo un 7,4% do total do alumnado nas universidades galegas, algo menos que no conxunto do Estado, onde constitúe o 10,5% do alumnado total universitario.

Alumnado matriculado en artes e humanidades nas universidades galegas

Cursos	Total	Grao	1º e 2º ciclo	Máster	Doutoramento
2010/2011	5.277	2.972	1.877	428	-
2011/2012	5.223	3.634	1.095	494	-
2012/2013	5.087	4.066	460	561	-
2013/2014	5.118	4.049	493	576	-
2014/2015	5.301	4.169	200	559	373
2015/2016	5.549	4.350	25	500	674
2016/2017	5.572	4.376	0	514	682
2017/2018	5.991	4.483	0	566	942
2018/2019	5.964	4.476	0	561	927
2019/2020	5.945	4.468	0	556	921
2020/2021	5.996	4.533	0	581	882
2021/2022	4.581	4.581	0	572	825

Fonte: Ministerio de Universidades. Estadística de Universidades, Centros y Titulaciones

Nas táboas 1, 2 e 3 do anexo ofrécese datos sobre a evolución da cifra de alumnado de todas as titulacións oficiais de grao e máster¹⁶ relacionadas coas profesións culturais nas tres universidades galegas. Ademais da cifra total de alumnado de cada unha das titulacións, tamén se engade información sobre a porcentaxe de mulleres matriculadas en cada unha das titulacións.

¹⁵ Na Estadística de Universidades, Centros y Titulaciones, esta rama da ensinanza non se atopa desagregada.

¹⁶ Non se teñen en conta os títulos propios por non estar incluídos na fonte estatística.



No que respecta á Universidade da Coruña (UDC), a táboa 1 do anexo especifica datos da evolución da cifra de alumnado matriculado en titulacións de grao e máster entre os cursos 2015/2016 e 2021/2022. A UDC é a segunda universidade galega en número de estudantes en titulacións universitarias relacionadas coas profesións culturais. No curso 2021/2022 contaba con 1.529 alumnos e alumnas de grao (17 máis que no curso anterior) e 287 de máster (15 máis que no curso anterior). Entre as titulacións de grao, a que conta co maior número de alumnado é a de Estudos de Arquitectura, con 652 persoas matriculadas no último curso, seguida da de Comunicación Audiovisual na rama de ciencias sociais e xurídicas, cun total de 275 matrículas. Pola contra, a titulación coa cifra de alumnado máis baixa é a de Información e Documentación, con tan só 11 persoas matriculadas, dato que confirma a evolución descendente ao longo da serie. Cómpre ter en conta que algunhas das titulacións de grao que se imparten na UDC tamén se ofrecen nas outras universidades galegas, como a de Comunicación Audiovisual na USC ou as de Estudos Lingüísticos e Literarios en Español e Galego, que se imparten tamén na USC e na UVigo. Por outra banda, tamén se observa que hai dous graos de nova implantación que se iniciaron no curso 2019/2020, que son o de Creación Dixital, Animación e Videoxogos, que rexistra a terceira cifra máis elevada de alumnado matriculado no curso 2021/2022, e o de Xestión Dixital de Información e Documentación.



Entre os estudos de máster, o que conta co maior número de alumnado é o de Arquitectura, con 107 matrículas, seguido do Deseño, Desenvolvemento e Comercialización de Videoxogos, con 43 estudantes matriculados no curso 2021/2022.

No que se refire á porcentaxe de mulleres matriculadas nas distintas titulacións universitarias, pódese observar que só hai unha titulación de grao (Arquitectura Técnica) cuxa porcentaxe de mulleres matriculadas non acada o 50%, aínda que resulta salientable o feito de que nos últimos cursos a cifra de mulleres inscritas neste grao se incrementou. Nas titulacións da rama de artes e humanidades o aumento da proporción de mulleres matriculadas é xeral en case todas as titulacións. No que se refire aos másters, confírmase a predominancia de mulleres entre as persoas matriculadas, aínda que con diferenzas menos acusadas que nos graos. É salientable

o caso do Máster en Deseño, Desenvolvemento e Comercialización de Videoxogos, que nos tres cursos que leva implantado aumentou a cifra de mulleres matriculadas en 11,4 puntos porcentuais.

A Universidade de Santiago de Compostela (véxase a táboa 2 do anexo) tivo no curso 2021/2022 un total de 1.705 alumnos e alumnas matriculadas en estudos conducentes a titulacións relacionadas coas profesións culturais: 1.514 en graos e 191 en estudos de máster. Cómpre salientar que se implantou unha nova titulación de grao en Xestión Cultural e unha de máster en Xornalismo e Comunicación Multimedia: Novas Tendencias en Produción, Xestión e Difusión do Coñecemento.

Na evolución da serie histórica estudada neste informe, a cifra de alumnado matriculado incrementouse un 6,2% no caso das titulacións de grao e un 29,1% nas de máster. Este aumento é case idéntico entre as titulacións de grao da rama de artes e humanidades (6,1%) e as de ciencias sociais e xurídicas (6,5%). Así, pode observarse que algunhas titulacións desta rama como Lingua e Literatura Galegas e o dobre grao en Comunicación Audiovisual e Xornalismo experimentaron un incremento proporcional considerable ao longo deste período.

Con respecto á presenza de mulleres nestas titulacións, obsérvase que, ao igual que na Universidade da Coruña, as titulacións da rama de artes e humanidades son as que teñen maior presenza de mulleres, por riba do 50%, situación que se foi consolidando ao longo da serie histórica.

A Universidade de Vigo, como recolle a táboa 3 do anexo, é a primeira de Galicia na cifra de alumnado matriculado en titulacións relacionadas coas profesións culturais. A titulación co maior número de estudantado matriculado no curso 2021/2022 é a de Belas Artes, con 508 estudantes, cifra que se mantivo máis ou menos estable ao longo de toda a serie histórica estudada. A seguinte é a de Tradución e Interpretación, con 453 estudantes matriculados, pero que sufriu un descenso de matrículas bastante importante nos últimos anos. Con respecto aos títulos de máster, o de Deseño e Dirección Creativa en Moda xunto cos do ámbito da tradución e interpretación son os que aglutinan maior número de alumnado.

En canto á porcentaxe de mulleres, todas as titulacións referidas superan amplamente o 50% de matrículas, con moitas titulacións que roldan o 80%.

Con respecto á cifra de estudantado matriculado en programas de doutoramento, analízanse a continuación as cifras de alumnado inscrito por ámbitos de estudo relacionados coas profesións culturais nas tres universidades galegas.

En primeiro lugar, cómpre salientar que, do total de alumnado matriculado en programas de doutoramento, algo máis dun 20% matriculouse en programas cuxo ámbito de estudo está relacionado coas profesións culturais, tal como se pode comprobar na seguinte táboa. Tanto na Universidade de Vigo como na de Santiago, a tendencia é á baixa, con diferenzas porcentuais de sete puntos na serie histórica analizada. Na Universidade de Vigo a porcentaxe mantense máis ou menos estable, aínda que se percibe unha lixeira caída do alumnado matriculado nos programas de doutoramento de ámbitos de estudo culturais. Porén, na Universidade da Coruña no último curso da serie histórica a porcentaxe de alumnado de doutoramento dos ámbitos de estudo culturais aumentou en 7,1 puntos porcentuais con respecto ao curso anterior.

Porcentaxe de alumnado matriculado en programas de doutoramento de ámbitos de estudo relacionados coas profesións culturais

	2015/2016	2016/2017	2017/2018	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
UDC	28,0	26,5	25,7	23,3	21,5	21,8	28,9
USC	28,7	23,3	23,7	23,5	23,5	22,3	21,1
UVigo	23,4	24,5	24,1	23,0	23,1	22,3	22,0

Fonte: Elaboración propia a partir da Estadística de Universidades, Centros y Titulaciones

En segundo lugar, se se analiza a evolución da cifra de alumnado matriculado en programas de doutoramento nas universidades galegas por ámbitos concretos de estudo, obsérvase na seguinte táboa que, do total de alumnado matriculado, máis da metade pertence aos ámbitos de estudo das linguas e as humanidades, mentres que o ámbito das artes é moi minoritario, xa que só hai alumnado matriculado na Universidade de Vigo.

Se se analizan estes datos segundo a porcentaxe de mulleres matriculadas, obsérvase que os ámbitos de estudo das linguas e as humanidades son os que maior porcentaxe de mulleres concentran, aínda que se observan diferenzas entre as distintas universidades. Tan só o ámbito da arquitectura e a construción obtén porcentaxes de mulleres matriculadas nestes programas de doutoramento por debaixo do 50% na Universidade da Coruña, pero non na de Santiago.

Evolución do alumnado total e porcentaxe de mulleres matriculadas en programas de doutoramento por ámbitos de estudo relacionados coas profesións culturais nas universidades galegas

	2015/16	2016/17	2017/18	2018/19	2019/20	2020/21	2021/22
Total							
<i>Universidade da Coruña</i>							
Artes	0	0	0	0	0	0	0
Linguas	62	75	86	49	45	48	40
Humanidades	0	1	2	39	34	33	25
Xornalismo e información	43	38	40	35	26	32	41
Arquitectura e construción	140	160	168	160	162	155	262
<i>Universidade de Santiago de Compostela</i>							
Artes	0	0	0	0	0	0	0
Linguas	164	120	114	120	111	95	93
Humanidades	310	245	447	425	435	398	362
Xornalismo e información	80	63	87	87	96	91	76
Arquitectura e construción	64	58	23	22	23	23	23
<i>Universidade de Vigo</i>							
Artes	39	53	64	66	66	68	59
Linguas	99	126	148	112	119	119	108
Humanidades	0	0	0	37	34	35	44
Xornalismo e información	49	54	57	60	61	57	57
Arquitectura e construción	31	46	53	51	54	59	48
Mulleres (%)							
<i>Universidade da Coruña</i>							
Artes	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Linguas	64,5	61,3	70,9	53,1	53,3	52,1	45,0
Humanidades	0,0	0,0	0,0	76,9	79,4	75,8	76,0
Xornalismo e información	72,1	65,8	62,5	65,7	50,0	56,3	56,1
Arquitectura e construción	27,1	25,0	26,2	23,8	24,7	25,8	17,2
<i>Universidade de Santiago de Compostela</i>							
Artes	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Linguas	72,0	71,7	67,5	60,8	64,9	61,1	58,1
Humanidades	45,5	45,7	49,2	50,8	51,3	49,5	52,5
Xornalismo e información	57,5	52,4	49,4	51,7	50,0	56,0	48,7
Arquitectura e construción	39,1	41,4	60,9	54,5	52,2	52,2	65,2
<i>Universidade de Vigo</i>							
Artes	56,4	52,8	51,6	56,1	57,6	57,4	54,2
Linguas	71,7	73,0	74,3	76,8	74,8	69,7	70,4
Humanidades	0,0	0,0	0,0	73,0	79,4	77,1	68,2
Xornalismo e información	73,5	72,2	68,4	65,0	65,6	64,9	68,4
Arquitectura e construción	45,2	45,7	45,3	45,1	44,4	42,4	27,1

Fonte: Estadística de Universidades, Centros y Titulaciones

A continuación amósanse datos sobre o número de alumnas e alumnos titulados nas áreas de artes e humanidades en Galicia segundo a universidade en que remataron os seus estudos. A Universidade de Vigo, con 347 títulos de grao e 145 de máster expedidos, lidera os campus galegos. Séguela a Universidade de Santiago, cun total de 294 títulos de grao e 118

de máster. Por último, a Universidade da Coruña conta con 260 títulos de grao e 103 de máster.

Alumnado titulado no curso 2020/2021 en áreas relacionadas coas profesións culturais na Universidade da Coruña

Titulación	Total	Mulleres (%)
GRAO	260	
Graduado ou graduada en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios	5	100,0
Graduado ou graduada en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios	2	50,0
Graduado ou graduada en Información e Documentación	1	100,0
Graduado ou graduada en Comunicación Audiovisual	51	69,6
PCEO ¹⁷ Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios / Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios	4	100,0
Graduado ou graduada en Arquitectura	85	43,5
Graduado ou graduada en Arquitectura Técnica	29	34,5
Graduado ou graduada en Estudos de Arquitectura	83	56,6
MÁSTER	103	
Máster Universitario en Produción Xornalística e Audiovisual	22	68,2
Máster Universitario en Deseño, Desenvolvemento e Comercialización de Videoxogos	12	33,3
Máster Universitario en Rehabilitación Arquitectónica	6	66,7
Máster Universitario en Arquitectura	26	65,4
Máster Universitario en Estudos Avanzados en Museos, Arquivos e Bibliotecas	19	63,2
Máster Universitario en Lingüística Aplicada ¹⁸	6	50,0
Máster Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade	12	58,3

Fonte: Estadística de Universidades, Centros y Titulaciones

Alumnado titulado no curso 2020/2021 en áreas relacionadas coas profesións culturais na Universidade de Santiago de Compostela

Titulación	Total	Mulleres (%)
GRAO	294	
Graduado ou graduada en Historia da Arte	83	74,7
Graduado ou graduada en Lingua e Literatura Españolas	51	86,3
Graduado ou graduada en Lingua e Literatura Galegas	28	82,1
Graduado ou graduada en Lingua e Literatura Modernas	39	79,5
Graduado o graduada en Xornalismo	78	65,4
PCEO Grao en Comunicación Audiovisual / Grao en Xornalismo	11	54,5
Graduado o graduada en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural	4	50,0
MÁSTER	118	

¹⁷ PCEO: Programación conxunta das ensinanzas especiais.

¹⁸ Impartido conxuntamente pola UDC, a USC e a UVigo.



Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación: Novas Tendencias en Produción, Xestión e Difusión do Coñecemento	27	55,6
Máster Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade	11	54,5
Máster Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade ¹⁹	7	57,1
Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura	20	75,0
Máster Universitario en Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico, Museos e Mercado da Arte ²⁰	21	76,2
Máster Universitario en Lingüística Aplicada ²¹	12	91,7
Máster Universitario en Servizos Culturais	20	65,0

Fonte: Estadística de Universidades, Centros y Titulaciones

Alumnado titulado no curso 2020/2021 en áreas relacionadas coas profesións culturais na Universidade de Vigo

Titulacións	Total	Mulleres (%)
GRAO	347	
Graduado ou Graduada en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios	22	86,4
Graduado ou Graduada en Tradución e Interpretación	87	85,1
Graduado o Graduada en Comunicación Audiovisual	52	55,8
Graduado o Graduada en Publicidade e Relacións Públicas	94	69,1
Graduado o Graduada en Belas Artes	92	82,6
MÁSTER	145	
Máster Universitario en Comunicación en Medios Sociais e Creación de Contidos Dixitais	14	100,0
Máster Universitario en Dirección de Arte en Publicidade	31	80,6
Máster Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade ²²	1	0,0
Máster Universitario en Deseño e Dirección Creativa en Moda	4	75,0
Máster Universitario en Lingüística Aplicada ²³	8	87,5
Máster Universitario en Tradución Multimedia	24	79,2
Máster Universitario en Tradución para a Comunicación Internacional	19	84,2
Máster Universitario en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural	8	50,0

Fonte: Estadística de Universidades, Centros y Titulaciones

Na seguinte táboa detállanse datos sobre a cifra de teses de doutoramento lidas nas universidades galegas. Vese claramente unha tendencia descendente tanto no cómputo global do número de teses lidas como nas relacionadas coas ensinanzas culturais, que en 2020 foron o 18,4% de todas as

¹⁹ Impartido conxuntamente pola USC e a UVigo.

²⁰ Impartido conxuntamente pola USC e a Universidad de Las Palmas de Gran Canaria.

²¹ Impartido conxuntamente pola UDC, a USC e a UVigo.

²² Impartido conxuntamente pola UDC, a USC e a UVigo.

²³ Impartido conxuntamente pola UDC, a USC e a UVigo.

presentadas en Galicia. O ámbito de estudo en que se realizaron máis teses de doutoramento dentro das ensinanzas culturais foi o de humanidades, que supoñen un 53,4%. Máis da metade das teses de doutoramento liadas en 2020 foron realizadas por mulleres, tanto no cómputo global como nas de ámbito cultural; concretamente, no ámbito de estudo das linguas o 73,7% das teses foi realizado por mulleres. As de xornalismo e comunicación e as de arquitectura e construción son as menos frecuentes entre os ámbitos de estudo culturais.

Número de teses de doutoramento aprobadas por ámbito de estudo e ano en Galicia

	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Total	820	843	637	426	572	477
<i>Total no ámbito cultural</i>	<i>169</i>	<i>165</i>	<i>95</i>	<i>61</i>	<i>81</i>	<i>88</i>
Técnicas audiovisuais e medios de comunicación	2	3	0	2	0	1
Artes	43	23	14	6	7	9
Linguas	35	32	20	17	18	19
Humanidades	49	70	37	25	43	47
Xornalismo e información	13	12	5	4	4	4
Arquitectura e construción	27	25	19	7	9	8
Mulleres (%)	52,6	50,1	52,9	52,8	50,9	53,5
<i>Total no ámbito cultural</i>	<i>58,6</i>	<i>53,9</i>	<i>53,7</i>	<i>54,1</i>	<i>55,6</i>	<i>54,5</i>
Técnicas audiovisuais e medios de comunicación	50,0	33,3	-	50,0	-	-
Artes	55,8	52,2	57,1	50,0	71,4	33,3
Linguas	71,4	75,0	75,0	58,8	55,6	73,7
Humanidades	61,2	55,7	45,9	52,0	58,1	59,6
Xornalismo e información	61,5	58,3	40,0	75,0	50,0	25,0
Arquitectura e construción	40,7	24,0	47,4	42,9	33,3	25,0

Fonte: Ministerio de Universidades. Base de datos de Tesis Doctorales (TESEO)

Na seguinte táboa poden observarse datos sobre a evolución no número de teses de doutoramento redactadas en galego en todos os ámbitos de estudo. No ano 2020 realizáronse 31, cifra que supón un 45,6% menos que en 2015. Reducíronse en todos os ámbitos de estudo.

Número de teses de doutoramento en galego aprobadas por ámbito de estudo e ano de lectura

	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Total	57	70	34	20	35	31
<i>EDUCACIÓN</i>	7	9	4	4	5	5
Outra formación de persoal docente e ciencias da educación	7	9	4	4	5	5
<i>ARTES E HUMANIDADES</i>	20	25	13	3	15	10
Técnicas audiovisuais e medios de comunicación	0	1	0	1	0	-
Artes	6	2	2	0	1	1
Linguas	9	8	2	1	7	4
Humanidades	5	14	9	1	7	5
<i>CIENCIAS SOCIAIS, XORNALISMO E DOCUMENTACIÓN</i>	11	16	6	6	2	5
Psicoloxía	2	1	3	0	0	0
Economía	0	3	1	3	1	1
Outras ciencias sociais e do comportamento	5	8	1	2	1	3
Xornalismo e información	4	4	1	1	0	1
<i>NEGOCIOS, ADMINISTRACIÓN E DEREITO</i>	1	1	1	1	1	1
Administración e xestión de empresas	0	0	0	0	0	0
Outra educación comercial e empresarial	1	0	0	1	1	0
Dereito	0	1	1	0	0	1
<i>CIENCIAS</i>	7	11	7	1	7	1
Ciencias da vida	4	3	6	1	1	1
Ciencias físicas, químicas, xeolóxicas	2	7	0	0	5	0
Matemáticas e estatística	1	0	1	0	1	0
<i>INFORMÁTICA</i>	3	0	0	1	1	1
<i>ENXEÑARÍA, INDUSTRIA E CONSTRUCCIÓN</i>	5	4	2	1	2	1
Enxeñarías	4	2	1	1	1	1
Arquitectura e construción	1	2	1	0	1	-
<i>AGRICULTURA, GANDARÍA, SILVICULTURA E VETERINARIA</i>	1	4	1	1	0	3
Agricultura, gandaría e pesca	1	4	1	0	0	2
Veterinaria	0	0	0	1	0	1
<i>SAÚDE E SERVIZOS SOCIAIS</i>	2	0	0	2	1	3
Medicina, enfermaría e atención de enfermos	2	0	0	2	1	3
Outras ciencias da saúde	0	0	0	0	0	-
Traballo social e orientación	0	0	0	0	0	0
<i>SERVIZOS</i>	0	1	0	0	0	1
Deportes	0	0	0	0	0	0
Turismo e hostalaría	0	1	0	0	0	.
Outros servizos	0	0	0	0	0	1
Non consta ámbito	0	0	0	0	1	-

Fonte: Ministerio de Universidades. Base de datos de Tesis Doctorales (TESEO)

4.3. Profesorado

A seguinte táboa ofrece datos da cifra de profesorado universitario por áreas de coñecemento e sexo no curso 2020/2021 en disciplinas relacionadas coas profesións culturais e vinculadas coas titulacións que se imparten nas universidades galegas. Segundo estes datos, hai un total de 506 profesoras e profesores, dos cales algo máis da metade do total son homes. Das 18 áreas de coñecemento identificadas, 11 teñen entre o seu profesorado maioría de homes. Hai dúas áreas de coñecemento relacionadas co ámbito de estudo das linguas nas que traballan o mesmo número de profesores que de profesoras: as áreas de lingüística xeral e de literatura española. Nas áreas de antropoloxía social, debuxo, lingua española, pintura e tradución e interpretación hai máis profesoras que profesores.

PDI²⁴ nas universidades galegas por área de coñecemento e sexo

	Total	Mulleres	Homes
Antropoloxía social	11	6	5
Arqueoloxía	4
Biblioteconomía e documentación	7	5	...
Comunicación audiovisual e publicidade	97	42	55
Composición arquitectónica	13	5	8
Construcións arquitectónicas	32	6	26
Debuxo	18	10	8
Escultura	15	6	9
Filoloxía galega e portuguesa	64	26	38
Historia da arte	32	13	19
Lingua española	37	24	13
Lingüística xeral	20	10	10
Literatura española	26	13	13
Pintura	15	8	7
Proxectos arquitectónicos	23	7	16
Teoría da literatura e literatura comparada	16	7	9
Tradución e interpretación	44	28	16
Xornalismo	32	15	17

Fonte: Ministerio de Universidades. Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU)

²⁴ Persoal docente investigador.

...: Dato omitido para preservar o segredo estatístico.

5. Conclusións

As ensinanzas culturais teñen unha presenza importante en Galicia e gozan dunha oferta destacable en todos os niveis educativos.

A música é a disciplina que conta co maior número de matrículas, cun total de 7.914 alumnos e alumnas nas ensinanzas regradas, con escasa variación nos últimos dez cursos. Crece sensiblemente a cifra de alumnado en centros privados, ao tempo que descende a dos públicos, que, con todo, segue supoñendo o 85,3% do total. No curso 2021/2022 matricularonse en ensinanzas elementais de música 3.405 persoas na comunidade galega, o que constitúe un descenso de 687 alumnos e alumnas dende 2012. Hai que salientar que, do total do alumnado perdido, máis da metade correspóndese cos dous últimos cursos. Cursan estudos superiores de música 613 persoas e estudos profesionais 3.896: os primeiros mostran certa estabilidade no tempo e os segundos aumentan un 13,1% dende 2010. A isto hai que engadir as ensinanzas non regradas de música, que supoñen o maior número de estudantes, cun total de 14.409 alumnas e alumnos matriculados no último curso, e o maior incremento, con case 20 puntos porcentuais nos últimos 10 anos.

As ensinanzas relacionadas coas artes plásticas presentan unha evolución irregular. Así, o alumnado dos ciclos formativos de grao medio experimentou nos últimos dez anos un descenso do 45,7%, nos ciclos superiores aumentou lixeiramente ao tempo que nos estudos superiores (artes plásticas, conservación e restauración e deseño) mantivo certa estabilidade.

Pola súa banda, os centros de ensinanzas regradas de danza contan con 332 alumnos e alumnas, o 90,5% nos de titularidade pública. Con todo, o alumnado inscrito en centros de titularidade privada aumentou durante o período analizado.

A única escola de arte dramática que hai en Galicia, de carácter público, conta con 167 estudantes, un número que se amosou estable dende 2010.

Malia que hai diferenzas segundo as disciplinas, as cifras de alumnado das ensinanzas artísticas de réxime especial descenderon sensiblemente no curso 2020/2021, probablemente pola incidencia da COVID-19.

.....

Nos dez cursos analizados o profesorado dedicado ás ensinanzas de réxime especial incrementouse en Galicia un 12,7%, lixeiramente por riba da media de España. A música é a disciplina que conta cun maior número de profesoras e profesores en Galicia (1.112).

No relativo ás ensinanzas de réxime xeral, en Galicia hai un total de 30 centros que imparten bacharelato de Artes, dos cales un 83,3% son de titularidade pública. Galicia é a quinta comunidade autónoma de España en canto ao número de centros. O alumnado matriculado neste tipo de bacharelato creceu ininterrompidamente nos últimos dez cursos.

Pola súa parte, hai 239 centros que impartiron ensinanzas de formación profesional relacionadas coa cultura, dos cales un 72,4% son de titularidade pública. Representan un 6,2% de centros no conxunto do Estado. A familia profesional de imaxe e son amosa unha demanda importante por parte do alumnado, especialmente os ciclos formativos relacionados con audiovisuais e espectáculos, que experimentan nos últimos anos un crecemento xeral sostido de estudantes. No último ano de referencia, o total do alumnado dos ciclos superiores de imaxe e son sumaba 1.267 persoas. Na familia de artes gráficas, que tamén conta cunha demanda importante, o alumnado matriculado nos ciclos formativos de grao básico, grao medio e grao superior amosa en conxunto unha evolución máis próxima á estabilidade. Pola súa banda, o ciclo superior de Animación Sociocultural tivo nos últimos cursos unha evolución irregular, que oscilou entre 164 e 219 persoas matriculadas.

En canto ao ensino superior, a Universidade de Vigo é a primeira de Galicia na cifra de alumnado matriculado en titulacións relacionadas coas profesións culturais, concretamente 1.665 de grao e 273 de máster. A carreira con máis estudantado matriculado é a de Belas Artes, con 508, cifra que se mantivo máis ou menos estable dende o curso 2015/2016. A seguinte é a de Tradución e Interpretación, con 453 estudantes matriculados, pero que sufriu un descenso sensible nos últimos anos.

A segunda universidade galega neste tipo de ensinanzas é a Universidade da Coruña, con 1.529 alumnos e alumnas de grao e 287 de máster. Concentra gran parte do seu alumnado de ensinanzas culturais nos Estudos de Arquitectura (652) e en menor medida en Comunicación Audiovisual (275). O grao de Creación Dixital, Animación e Videoxogos resulta ser

.....

a terceira titulación máis demandada no último curso do que se teñen cifras e amosa un crecemento moi importante dende que se oferta.

A Universidade de Santiago de Compostela conta con 1.514 estudantes de grao e 191 de máster en titulacións relacionadas coas profesións culturais no curso 2021/2022. A titulación máis popular é Historia da Arte, pero as que máis crecen proporcionalmente nos últimos seis cursos son o dobre grao en Comunicación Audiovisual e Xornalismo e o grao en Lingua e Literatura Galegas.

En xeral, obsérvase que moitas das ensinanzas relacionadas coas profesións culturais teñen unha proporción maioritaria de mulleres. Constitúen máis do 90% do alumnado de danza e son maioría nas artes plásticas. A proporción é de sete de cada dez alumnos nos estudos superiores de artes plásticas e deseño e de oito de cada dez nos estudos de conservación e restauración. Tamén corresponden a mulleres dúas de cada tres matrículas na Escola de Arte Dramática e algo máis da metade na totalidade das ensinanzas de música. As mulleres tamén son maioría entre o alumnado de practicamente todas as ensinanzas universitarias relacionadas coas profesións culturais.

En canto ao profesorado, o aumento experimentado na totalidade das ensinanzas de réxime especial nos últimos anos foi proporcionalmente superior no caso das mulleres. Na danza son mulleres un 72,1% dos docentes, en arte dramática un 56,1% e en artes plásticas e deseño un 52,3%. En cambio, nas ensinanzas de música e nas áreas de coñecemento relacionadas coas ensinanzas culturais das universidades galegas, algo máis da metade do profesorado está composto por homes.

ANEXO

Táboa 1. Evolución do alumnado total e porcentaxe de mulleres matriculadas nas distintas titulacións relacionadas coas profesións culturais na Universidade da Coruña

Total	2015/16	2016/17	2017/18	2018/19	2019/20	2020/21	2021/22
GRAOS							
<i>RAMA/TITULACIÓN</i>							
<i>CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS</i>							
Comunicación Audiovisual	270	282	281	288	275	275	275
Creación Dixital, Animación e Videoxogos	-	-	-	-	69	127	184
<i>ARTES E HUMANIDADES</i>							
Español: Estudos Lingüísticos e Literarios	81	69	66	60	56	61	84
Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios	31	25	28	23	21	23	35
Xestión Dixital de Información e Documentación	-	-	-	-	21	45	45
Información e Documentación	32	27	23	23	16	12	11
PCEO Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios / Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios	7	12	16	19	23	28	24
<i>ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA</i>							
Arquitectura	744	576	437	286	155	47	-
Arquitectura Técnica	538	408	337	265	246	235	219
Estudos de Arquitectura	226	420	514	603	636	641	652
<i>MÁSTER</i>							
<i>CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS</i>							
Produción Xornalística e Audiovisual	-	-	-	45	45	29	30
Deseño, Desenvolvemento e Comercialización de Videoxogos	-	-	-	13	30	33	43
<i>ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA</i>							
Arquitectura	34	50	41	49	63	102	107
Rehabilitación Arquitectónica	37	42	32	41	29	24	29
<i>ARTES E HUMANIDADES</i>							
Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade	-	-	-	-	-	2	1
Estudos Avanzados en Museos, Arquivos e Bibliotecas	14	22	32	23	33	35	29
Lingüística Aplicada	5	6	9	9	14	14	15
Literatura, Cultura e Diversidade	3	20	28	33	33	33	33
Mulleres (%)	2015/16	2016/17	2017/18	2018/19	2019/20	2020/21	2021/22
GRAOS							
<i>CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS</i>							
Comunicación Audiovisual	64,8	59,9	61,6	63,2	59,6	58,5	55,3
Creación Dixital, Animación e Videoxogos	-	-	-	-	39,1	44,9	50,5
<i>ARTES E HUMANIDADES</i>							
Español: Estudos Lingüísticos e Literarios	79,0	81,2	86,4	76,7	80,4	73,8	73,8
Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios	58,1	44,0	46,4	47,8	66,7	60,9	62,9
Xestión Dixital de Información e Documentación	-	-	-	-	47,6	64,4	62,2
Información e Documentación	87,5	81,5	73,9	82,6	87,5	91,7	90,9
PCEO Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios / Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios	85,7	75,0	68,8	68,4	69,6	67,9	62,5
<i>ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA</i>							
Arquitectura	54,2	54,3	53,5	50,3	44,5	53,2	-
Arquitectura Técnica	42,9	43,1	42,4	41,9	46,3	45,5	47,5

Estudos de Arquitectura	52,7	53,3	53,3	51,9	53,0	53,8	58,3
MÁSTER							
<i>CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS</i>							
Producción Xornalística e Audiovisual	-	-	-	62,2	68,9	75,9	70,0
Deseño, Desenvolvemento e Comercialización de Videoxogos	-	-	-	23,1	30,0	33,3	32,6
<i>ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA</i>							
Arquitectura	61,8	58,0	63,4	53,1	52,4	50,0	50,5
Rehabilitación Arquitectónica	67,6	61,9	65,6	61,0	65,5	75,0	72,4
<i>ARTES E HUMANIDADES</i>							
Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade	-	-	-	-	-	-	-
Estudos Avanzados en Museos, Arquivos e Bibliotecas	85,7	63,6	68,8	65,2	72,7	57,1	65,5
Lingüística Aplicada	80,0	83,3	77,8	88,9	92,9	64,3	80,0
Literatura, Cultura e Diversidade	66,7	70,0	71,4	54,5	69,7	63,6	72,7

Fonte: Estadística de Universidades, Centros y Titulaciones

Táboa 2. Evolución do alumnado total e porcentaxe de mulleres matriculadas nas distintas titulacións relacionadas coas profesións culturais na Universidade de Santiago de Compostela (USC)

Total	2015/16	2016/17	2017/18	2018/19	2019/20	2020/21	2021/22
GRAOS							
<i>RAMA/TITULACIÓN</i>							
<i>CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS</i>							
Comunicación Audiovisual	201	195	212	222	210	225	233
Xornalismo	365	367	385	365	342	325	330
PCEO Grao en Comunicación Audiovisual / Grao en Xornalismo	19	24	34	44	55	62	60
<i>ARTES E HUMANIDADES</i>							
Ciencias da Cultura e Difusión Cultural	68	67	82	78	63	56	37
Historia da Arte	389	402	411	409	400	387	367
Xestión Cultural	-	-	-	-	-	-	41
Lingua e Literatura Españolas	259	255	259	260	259	244	246
Lingua e Literatura Galegas	124	118	140	143	165	195	200
MÁSTER							
<i>CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS</i>							
Xornalismo e Comunicación: Novas Tendencias en Producción, Xestión e Difusión do Coñecemento	-	20	27	29	33	39	14
Xornalismo e Comunicación Multimedia: Novas Tendencias en Producción, Xestión e Difusión do Coñecemento	-	-	-	-	-	-	25
<i>ARTES E HUMANIDADES</i>							
Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade	27	26	25	27	25	12	24
Estudos da Literatura e da Cultura	24	27	25	33	33	38	35
Lingüística Aplicada	19	17	17	20	18	19	12
Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico, Museos e Mercado da Arte	41	44	40	39	32	36	43
Servizos Culturais	37	39	40	48	45	43	38
Erasmus Mundus Encrucilladas nas Narrativas Culturais (Crossways in Cultural Narratives)	3	-	-	-	-	-	-
Mulleres (%)	2015/16	2016/17	2017/18	2018/19	2019/20	2020/21	2021/22
GRAOS							
<i>CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS</i>							
Comunicación Audiovisual	65,7	62,6	65,6	64,4	61,0	62,2	66,1

Xornalismo	67,4	67,0	65,5	60,5	60,5	60,3	61,8
PCEO Grao en Comunicación Audiovisual / Grao en Xornalismo	57,9	58,3	64,7	72,7	69,1	71,0	71,7
<i>ARTES E HUMANIDADES</i>							
Ciencias da Cultura e Difusión Cultural	67,6	62,7	56,1	55,1	52,4	51,8	59,5
Xestión Cultural	-	-	-	-	-	-	53,7
Historia da Arte	66,1	64,4	65,7	69,2	73,5	76,0	75,7
Lingua e Literatura Españolas	78,0	75,3	75,3	78,1	75,7	75,0	74,8
Lingua e Literatura Galegas	66,1	67,8	72,1	71,3	69,7	70,8	71,0
MÁSTER							
<i>CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS</i>							
Xornalismo e Comunicación: Novas Tendencias en Producción, Xestión e Difusión do Coñecemento	-	55,0	63,0	72,4	54,5	56,4	57,1
Xornalismo e Comunicación Multimedia: Novas Tendencias en Producción, Xestión e Difusión do Coñecemento	-	-	-	-	-	-	52,0
<i>ARTES E HUMANIDADES</i>							
Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade	44,4	30,8	64,0	48,1	64,0	58,3	45,8
Estudos da Literatura e da Cultura	66,7	74,1	76,0	81,8	75,8	78,9	88,6
Lingüística Aplicada	84,2	76,5	64,7	70,0	72,2	84,2	66,7
Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico, Museos e Mercado da Arte	78,0	79,5	62,5	74,4	81,3	75,0	74,4
Servizos Culturais	67,6	79,5	62,5	68,8	80,0	65,1	68,4
Erasmus Mundus Encrucilladas nas Narrativas Culturais (Crossways in Cultural Narratives)	66,7	-	-	-	-	-	-

Fonte: Estadística de Universidades, Centros y Titulaciones

Táboa 3. Evolución do alumnado total e porcentaxe de mulleres matriculadas nas distintas titulacións relacionadas coas profesións culturais na Universidade de Vigo

	2015/16	2016/17	2017/18	2018/19	2019/20	2020/21	2021/22
GRAOS							
RAMA/TITULACIÓN							
<i>CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS</i>							
Comunicación Audiovisual	223	233	228	219	214	204	185
Publicidade e Relacións Públicas	436	451	454	459	444	438	435
<i>ARTES E HUMANIDADES</i>							
Belas Artes	510	512	506	523	515	505	508
Ciencias da Linguaxe	62	44	25	11	10	-	-
Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios	51	71	107	93	10	95	59
Filoloxía Aplicada Galega e Española	-	-	-	-	-	-	25
Tradución e Interpretación	542	547	527	502	496	455	453
MÁSTER							
<i>CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS</i>							
Comunicación en Medios Sociais e Creación de Contidos Dixitais	-	-	-	21	23	23	31
Dirección de Arte en Publicidade	40	37	45	36	40	38	36
<i>ARTES E HUMANIDADES</i>							
Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade	4	4	2	2	2	3	3
Deseño e Dirección Creativa en Moda	-	-	24	40	56	48	61
Lingüística Aplicada	9	11	13	7	11	14	14
Tradución Multimedia	30	34	46	39	49	41	44
Tradución para a Comunicación Internacional	34	37	43	36	39	49	51
Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural	34	34	37	28	39	31	33

Mulleres (%)	2015/16	2016/17	2017/18	2018/19	2019/20	2020/21	2021/22
GRAOS							
<i>CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS</i>							
Comunicación Audiovisual	60,1	57,1	61,4	57,1	57,9	58,8	54,6
Publicidade e Relacións Públicas	73,2	74,1	72,7	73,6	75,0	72,6	75,4
<i>ARTES E HUMANIDADES</i>							
Belas Artes	66,3	68,9	72,1	75,0	76,7	76,6	77,8
Ciencias da Linguaxe	71,0	70,5	64,0	54,5	50,0	-	-
Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios	64,7	69,0	72,0	74,2	73,0	70,5	66,1
Filoloxía Aplicada Galega e Española	-	-	-	-	-	-	76,0
Tradución e Interpretación	83,0	82,1	83,9	80,5	81,7	78,9	79,5
MÁSTER							
<i>CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS</i>							
Comunicación en Medios Sociais e Creación de Contidos Dixitais	-	-	-	81,0	73,9	95,7	83,9
Dirección de Arte en Publicidade	82,5	67,6	75,6	86,1	80,0	71,1	72,2
<i>ARTES E HUMANIDADES</i>							
Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade	25,0	25,0	50,0	0,0	50,0	33,3	33,3
Deseño e Dirección Creativa en Moda	-	-	83,3	70,0	76,8	83,3	78,7
Lingüística Aplicada	88,9	90,9	84,6	71,4	81,8	85,7	78,6
Tradución Multimedia	76,7	79,4	71,7	74,4	71,4	78,0	75,0
Tradución para a Comunicación Internacional	88,2	86,5	76,7	77,8	66,7	73,5	72,5
Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural	70,6	67,6	64,9	60,7	61,5	67,7	69,7

Fonte: Estadística de Universidades, Centros y Titulaciones